



PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE MODIFICA O DECRETO 37/2006, DO 2 DE MARZO, POLO QUE SE REGULA O NOMEAMENTO DE PERSOAL INTERINO PARA O DESEMPEÑO CON CARÁCTER TRANSITORIO DE PRAZAS RESERVADAS A FUNCIONARIOS E A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL LABORAL DA XUNTA DE GALICIA.

O Decreto 37/2006, do 2 de marzo, regula o procedemento para a provisión con carácter temporal de postos reservados tanto ao persoal funcionario (artigo 8 do texto refundido da lei da función pública de Galicia aprobada polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo) como ao persoal laboral (artigo 10 do texto refundido).

A finalidade última da dita regulación era satisfacer as necesidades transitorias de persoal de xeito eficiente evitando demoras e sobrecustos derivados das seleccións fallidas. Para a consecución deste obxectivo establecéronse rigorosas exixencias de dispoñibilidade aos/ás aspirante e penalizacións pola súa inobservancia.

O número actual de integrantes das listas, a mellora de recursos informáticos a disposición da Administración e a xeneralización do acceso dos cidadáns ás novas tecnoloxías de comunicación, permiten agora flexibilizar esas exixencias sen menoscabo da eficiencia da xestión.

Aprovéitase esta modificación para suprimir as comisións de control provinciais, nunca constituídas a pesar da previsión legal, e para modificar a composición e funcións da comisión central.

A disposición derradeira primeira da Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público en Galicia autoriza ao Consello da Xunta de Galicia para ditar as normas de carácter regulamentario necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Facenda co informe favorable da Comisión de Persoal, de acordo co ditame do Consello Consultivo/oído o Consello



Consultivo de Galicia, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día ...de...de 2015,

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación do Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios/as e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia

O Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios/as e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, queda modificado como segue:

Un. O artigo 4, queda redactado como segue:

*Artigo 4. Órgano competente para a elaboración e o control do funcionamento das listas.*

Constituirase unha Comisión Permanente como órgano colexiado encargado da elaboración e o control do funcionamento das listas.

A composición da Comisión permanente será a seguinte:

Presidente/a: titular da dirección xeral competente en materia de función pública ou persoa en quen delegue.

Tres representantes da Administración.

Catro representantes designados polas organizacións sindicais con representación na Mesa Xeral de Empregados Públicos.



Secretario/a: un/ha funcionario/a adscrito/a ao servizo de provisión de postos da dirección xeral competente en materia de función pública designado/a polo/a titular da consellería.

As competencias da comisión serán as seguintes:

Elaborar as listaxes e as súas actualizacións.

Resolver as cuestións interpretativas derivadas do presente decreto.

Adoptar cantos acordos e decisións esixa o funcionamento das listas.

Resolver as solicitudes e reclamacións presentadas polos/as integrantes das listaxes.

Dous. Modifícase o artigo 7, que queda redactado como segue:

Artigo 7. Modificación de ámbitos e datos persoais.

O persoal inscrito nas listas que desexe cambiar de ámbito ou modificar os seus datos persoais deberá facelo mediante solicitude con presentación electrónica. O modelo de solicitude estará a disposición dos interesados no portal web corporativo da Xunta de Galicia.

As solicitudes poderán presentarse:

1. Para cambio de ámbito: no mes de xaneiro de todos os anos, e producirán efectos na xestión das listas a partir do 1 de marzo seguinte.
2. Para cambio de datos persoais: en calquera momento, e producirán efectos na xestión das listas desde o día seguinte a súa presentación.

Exceptúase da presentación electrónica obrigatoria a comunicación do número de teléfono móbil, que tamén poderá presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38 da lei 30/1992, do 26 de novembro de 1992, de



réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común mediante modelo normalizado que se poderá descargar no portal web corporativo da Xunta de Galicia [www.xunta.gal](http://www.xunta.gal). Estas solicitudes non electrónicas producirán efectos transcorridos 15 días naturais contados desde a data de presentación.

Tres. O artigo 15. queda redactado como segue:

*Artigo 15. Suspensión dos chamamentos*

1. De oficio.

A aceptación dun chamamento para unha categoría, corpo, escala ou especialidade suporá a suspensión dos chamamentos tanto para outros ámbitos da mesma lista como para listas correspondentes a outras categorías, corpos, escalas ou especialidades, coas excepcións que a continuación se indican:

- a) Os/as integrantes dunha lista que se atopen en situación de suspensión por estar prestando servizos nunha praza non vacante, serán chamados/as para a cobertura de praza vacante da mesma categoría, corpo, escala ou especialidade por unha soa vez.
- b) Os/as integrantes dunha lista que, como consecuencia de estar prestando servizos no correspondente corpo, escala, categoría ou especialidade, se atopen en situación de suspensión noutras listas, serán chamados/as por un soa vez en cada unha destas para a cobertura de praza vacante.

Para os efectos deste decreto entenderase por praza vacante aquela que careza de titular, excepto que se trate dunha praza reservada a persoal laboral con xornada igual o inferior á metade da xornada ordinaria ou dunha praza de carácter discontinuo cun período de actividade igual ou inferior a seis meses ao ano.



## 2. Por solicitude do/a interesado/a.

Os/as integrantes das listas que non se atopen prestando servizos para os que foron seleccionados/as a través deste decreto, deberán de solicitar a suspensión das citacións mediante solicitude electrónica que estará a disposición dos interesados no portal web corporativo da Xunta de Galicia.

A solicitude terá efectos en todas as listas en que estea inscrito/a o/a solicitante desde o día seguinte á súa presentación.

A suspensión manterase en tanto o/a interesado/a non presente solicitude de incorporación. A solicitude de incorporación presentarase electronicamente no modelo que estará a disposición dos/as interesados/as no portal web corporativo da Xunta de Galicia e producirá efectos transcorridos trinta días naturais desde a súa presentación.

Catro. O artigo 17 queda redactado como segue:

### “Artigo 17. *Situación nas listas*

1. Os/as integrantes dunha lista non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda nela ata que presten servizos, de xeito continuo ou discontinuo, durante o tempo legalmente establecido para xerar o dereito á percepción da prestación por desemprego. En tanto isto non ocorra, ao cesar no posto para o que fose nomeado/a ou contratado/a retornará ao posto que lle corresponda na lista de acordo coa súa puntuación.

2. Os/as integrantes dunha lista que presten servizos durante o tempo legalmente establecido para xerar o dereito á percepción da prestación por desemprego ao remate dun nomeamento ou contratación pasarán a ocupar a última posición na lista durante catro meses. Transcorridos os catro meses volverán automaticamente á posición que lles corresponda na lista de acordo coa súa puntuación.



Cinco. Introdúcese un novo artigo 18:

Artigo 18. Penalización.

1. Os/as integrantes dunha lista que non se presentasen a un acto de selección ao que fosen convocados, non aceptasen o posto ofertado ou renunciases posteriormente a el, quedarán excluídos/as dos chamamentos durante un ano que se contará desde a data do feito causante da exclusión.

Exceptúase do disposto no parágrafo anterior:

- a) A renuncia a un posto para desempeñar outro vacante, nos supostos previstos no artigo 15.1
- b) A renuncia a unha praza reservada a persoal laboral con xornada igual o inferior á metade da xornada ordinaria ou dunha praza de carácter discontinuo cun período de actividade igual ou inferior a seis meses, unha vez prestados seis meses de servizos efectivos nelas.

Establécese un prazo obrigatorio de preaviso ao servizo de persoal correspondente de vinte días naturais.

A reincorporación á lista de chamamentos dos/das integrantes penalizados/as producirase de xeito automático transcorrido o período de penalización, sempre que expresamente o soliciten.

A solicitude de reincorporación deberá realizarse e presentarse electronicamente no portal web corporativo da Xunta de Galicia en calquera momento posterior á penalización.



A solicitude presentada durante o período de penalización producirá efectos o primeiro día seguinte ao remate desta. A solicitude presentada con posterioridade ao remate do período de penalización producirá efectos ao día seguinte da súa presentación.

2. Os/as integrantes dunha lista que renunciaren a formar parte dela non poderán presentar unha nova solicitude de inscrición na mesma lista ata que transcorra o prazo dun ano desde a data da renuncia.

Seis. A disposición derradeira segunda queda redactada como segue:

Disposición derradeira segunda. Habilitación para o desenvolvemento do decreto e para a modificación de anexos.

Facúltase ao/á conselleiro/a competente en materia de función pública para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste decreto, así como para modificar o contido do anexo I.

Sete. O anexo I queda substituído polo presente anexo deste decreto.

Oito. Suprímese o anexo II

Nove. Suprímese o anexo III.

Disposición Transitoria. Comunicación de número de teléfono móbil .

Os/as integrantes das listas en cuxo expediente non figure un número de teléfono móbil á data de publicación deste decreto están obrigados a remitilo para poder presentar solicitudes de modificación de ámbitos, de datos persoais, de suspensión e de reanudación de chamamentos tras a súa entrada en vigor.



Disposición derradeira. Entrada en vigor

Este decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia excepto os artigos 7 e 15.2, que entrarán en vigor aos tres meses da publicación.

Santiago de Compostela, ...de ... de 2015

Alberto Núñez Feijoo

Presidente

Valeriano Martínez García

Conselleiro de Facenda





## ANEXO I

Para a cobertura desta solicitude deberá empregarse o modelo electrónico que está a disposición no portal web corporativo da Xunta de Galicia, e que logo deberán imprimir e presentar nos rexistros da Xunta de Galicia ou demais lugares previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, xunto co resto da documentación requirida no artigo 5.

### SOLICITUDE DE INCLUSIÓN NAS LISTAS DE VINCULACIÓN TEMPORAL

DATOS PERSOAIS									
O solicitante autoriza a DXFP a comprobación dos seus datos de identidade segundo o establecido no Decreto 255/2008									
DNI/NIE:	Nome:			Primeiro apelido:			Segundo apelido:		
Nacionalidade:			Data de nacemento:		Enderezo:				
Bloque:	Número:	Escaleira:	Andar:	Porta:	Localidade:			C.P.:	
Concello:					Provincia:		País:		
Teléfono móbil:		Correo electrónico:						Sexo:	

DATOS DA LISTA NA QUE SOLICITA A INCLUSIÓN		
Grupo:	Corpo/Escala/Categoría:	Sec./Esp.:

ÁMBITOS NOS QUE SOLICITA QUEDAR INSCRITO
Ámbito 1º:
Ámbito 2º:
Ámbito 3º:

FORMACIÓN ACADÉMICA	
Titulación esixida:	
Data de emisión da titulación esixida:	Grao de coñecemento do idioma galego:
Outra titulación:	Outra titulación:

MÉRITOS E CONCELLO DE EMPADROAMENTO (SERVIZOS PREVENCIÓN INCENDIOS E PLADIGA)			
Concello de empadramento:	Anos:	Meses:	Días:

CONDICIÓNES ESPECIAIS		
Familia numerosa:	Demandante de emprego:	Grao de discapacidade:

PAGO DE TAXAS	
Exento do pago:	Cantidade a pagar:

*A Dirección Xeral da Función Pública aplica a normativa sobre tratamento e protección de datos persoais. De conformidade co establecido no art. 5 da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámolo de que os datos deste formulario formarán parte do sistema de listas. Os dereitos de acceso, rectificación e cancelación poderán exercerse, ante a Dirección Xeral da Función Pública (Edif. Admtvos. San Caetano 1-2º, 15771 - Santiago de Compostela).*

CÓDIGO DE SOLICITUDE:  
 Santiago de Compostela,

Asdo.:

DIRECTOR/A XERAL DE FUNCIÓN PÚBLICA

Edificio Administrativo San Caetano, 1-2º 15771 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 52 27 - FAX 981 54 52 25

<b>SELO DE REXISTRO</b>
-------------------------